

## **FUNDACIÓN PAZ E GONZÁLEZ**

### ***Convocatoria das axudas económicas da Fundación Paz e González.***

***Con data de 21 de agosto do 1907, constitúese a Fundación Paz e González, que ten como fin, a mellora da renda das persoas, que se atopen en situación de vulnerabilidade e residan na parroquia de Iñás, no Concello de Oleiros.***

A Concellería de Servizos Sociais E Igualdade do Concello de Oleiros propón a convocatoria do procedemento para a solicitude das axudas económicas da Fundación Paz e González en base a criterios similares ós das Axudas económicas Municipais, recollidas na "Ordenanza Municipal das Medidas de Inclusión Social do Concello de Oleiros" (publicada o seu texto íntegro no BOP da Coruña, núm. 160 do 24/08/2021) e as cantidades establecidas na lei galega 10/2013, do 27 de novembro, de Integración Social de Galicia , (basada na anterior Lei 9/1991).

Estas axudas económicas, non periódicas e de carácter finalista, están destinadas a axudar ás familias máis desfavorecidas residentes na parroquia de Iñás, no Concello de Oleiros, para cubrir necesidades básicas relacionadas coa subsistencia, a vivenda ou outros aspectos fundamentais para evitar situacións de exclusión social, buscando sempre potenciar e apoiar á persoa a saír da situación de carencia na que se atopa.

### ***Con carácter xeral son os seguintes requisitos.***

**a)** Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal de Habitantes nunha vivenda na parroquia de Iñás, no Concello de Oleiros, cunha antigüidade mínima de (06) seis meses.

**b)** Podérase eximir deste periodo previo de empadramento naqueles supostos nos que esté xustificado por unha grave situación e deberá quedar recollida expresamente no informe social de valoración que acompañe á valoración da solicitude.

**c)** Que a suma de ingresos de todos os membros da unidade familiar non superen os límites establecidos, no cadro que se adxunta.

Da suma de todos estes ingresos poderase descontar ata un máximo de 400 € (catrocentos euros) en concepto de gastos ocasionados polo aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual.

**As solicitudes serán presentadas no rexistro municipal, as datas para a súa presentación, serán do 22 de novembro do 2021 ó 17 de decembro do 2021. Poderase descargar o impreso, da dita solicitude, da web municipal, no apartado , Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade, ou na seguinte ligazón, <https://bit.ly/3kMCoix> , tamén se poden recoller nas oficinas de Servizos Sociais e Igualdade de Oleiros ou ben, dirixirse a Casa do pobo de Iñás, a directiva da Asociación Veciñal O Hórreo.**

Nº persoas na unidade familiar		LIMITE DE INGRESOS (1)
1 (Solicitante)		500 €
2		650 €
3		750 €
4		850 €
5		950 €
6		1.050 €
7		1.150 €

( 1 ) Excluídos os gastos de aluguer ou hipoteca ata un máximo de 400 €

### Conceptos e contías máximas

<b>CONCEPTOS E CONTIAS MAXIMAS</b>		
<b>CONCEPTO</b>		<b>CONTÍA MÁXIMA</b>
USO DA VIVENDA		1.331,28 €
HABITABILIDADE DA VIVENDA	DA	5.325,10 €
EQUIPAMENTO MOBILIARIO	E	1.065,02 €
NECESIDADES BÁSICAS		1.065,02 €
EDUCACION INSERCION	E	1.065,02 €
OUTROS GASTOS		1.065,02 €

*Máximo 2.500€ salvo habitabilidade*

